


A MULLER TRABALLADORA

TODA UNHA VIDA EN BUSCA DA IGUALDADE

O 8 de marzo de cada ano celébrase o día da muller traballadora ou da muller en case todo o mundo. En algúns países é un día festivo. As mulleres levaban toda a vida loitando polos seus dereitos. Na actualidade, na maioría dos países conseguírono. Aínda así, na metade dos traballos sigue habendo diferenzas de soldo entre homes e mulleres.

MULLERES AO LONGO DA HISTORIA

O 8 de marzo de 1911 en Nova York, produciuse un incendio na fábrica de camisetas Triangle Shirtwaist no que morreron 146 mulleres. Estas mulleres pediran melloras laborais e o dono encerrounas na fábrica. Debido a isto, as traballadoras non puideron saír da



Traballadoras, fábrica Triangle Shirtwaist

fábrica no momento do incendio. Despois da traxedia, producíronse importantes cambios nas normas de seguridade e saúde laboral.

Tamén o 8 de marzo de 1917, como reacción ante os dous milleiros de soldados rusos mortos na guerra, as mulleres rusas declaráronse en folga en demanda de "pan e paz". Catro días despois o Zar abdicou e o goberno provisional concedeu as mulleres o dereito ao voto.



Mulleres rusas en folga

En 1975, as Nacións Unidas celebraron por primeira vez o día Internacional da Muller o 8 de marzo.

MULLERES EN RIANXO

ANTES

Consuelo N.O. (1949)

Porque elixiches traballar nunha conserveira?

Porque aquí en Rianxo era o único que había

A que anos empezaches?

Empecei cando saín da escola aos 12 anos.

Despois aos 22 parei e casei. Aos 24 volví a empezar e con 30 deixei.

Cobrabades o mesmo os homes e as mulleres?

Non, os homes cobraban mais.

Cantas horas traballaba?

Oito ou mais.

Que facías na fábrica?

Limpar o peixe, pero a veces cocelo.



AGORA

M^o del Carmen G.N. (1974)

Porque elixiches traballar nunha conserveira?

Porque ao acabar o colexio era o único que podía facer.

A que anos empezaches?

Aos 16.

Cobrades o mesmo os homes e as mulleres?

Non, porque os homes fan traballos distintos.

Cantas horas traballa?

Sobre 9 horas, dende as seis da mañá ata as dúas e media.

Que fas na fábrica?

Limpar o peixe.

